



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen típex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



4




Proba A1

Vostede é colaborador habitual da revista *Leria*, unha publicación bimensual que se edita na súa vila. Para o seguinte número, que vai tratar sobre a vivenda, encárganlle un **artigo de opinión**. A reportaxe que vai ver deseguido sobre arquitectura modular sérvelle de inspiración para elaborar o texto. En **400 palabras** ten que:

- Facer referencia á reportaxe vista e explicar en que consiste a construción modular.
- Argumentar a favor ou en contra destes novos modos de construción fronte aos tradicionais.
- Discrepar sobre a relación entre as novas xeracións e este tipo de casas comentada no vídeo.
- Rematar facendo referencia á posibilidade de restauración rural e urbana como outra posibilidade de vivenda.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section of the exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section of the exam.

Proba A2

Vostede quere organizar un festival de cine galego no seu concello. Como paso previo envíalles aos responsables municipais un **informe** para xustificar a súa iniciativa e solicitar apoio económico. Para elaborar o texto, apóiase nas informacións tiradas da prensa que aparecen a continuación. No escrito, de **400 palabras**, debe:

- Presentar o seu proxecto, especificando os recursos humanos cos que conta, as datas e os locais municipais previstos para a súa realización.
- Pedir colaboración orzamentaria argumentando as vantaxes que lle pode traer ao concello a realización de eventos deste tipo.
- Resaltar e argumentar a importancia do cinema para a divulgación da cultura galega.
- Mencionar e describir proxectos cinematográficos galegos de proxección internacional.


O cine galego, de Cans a Cannes

O sector busca fórmulas para consolidar o éxito sen precedentes deste ano

A quen navegue na internet, sen aviso previo, no programa da edición deste ano do Festival de Cannes, chamaralle a atención un feito estraño á vez que familiar: na relación de películas que se poderán ver figura un título en inequívoco galego, *Todos vós sodes capitáns*. Na Quincena dos Realizadores, a sección paralela independente do certame que mellor combina popularidade e prestixio do circuíto internacional, foi seleccionada esta longametraxe de Oliver Laxe, o cineasta galego nado en París e agora residente en Tánxer. Tamén *Celda 211*, a película que, polo método do ollo-boca-orella, chegou a estar entre as dez máis vistas da historia do cine español, naceu nun terceiro piso da rúa Real da Coruña, cando unha parella de produtores se fixou nunha novela que non vendera nin 2.000 exemplares, e viron nela unha película. A fruta soou por casualidade ou foi o resultado dunha aprendizaxe? Cousa do talento dos creadores ou do talante das institucións?

"As dúas, unha peza persoal de autor e unha obra de xénero destinada ao público, son mostras dun audiovisual diversificado e maduro. E tamén de que a política audiovisual hai que planeala a medio prazo, porque eses dous proxectos comezaron con axudas públicas hai dous ou tres anos", considera o autor e produtor Antón Reixa. Pero de onde saíron estas, de autores que no seu día estrearon no Festival de Cans (O Porriño), hai máis. Estes días *Pradolongo*, de Ignacio Vilar, continúa en Portugal esa especie de milagre da distribución guerrilleira que lle fixo superar os 40.000 espectadores.

A finais de ano estreouse *A noite que deixou de chover*, de Alfonso Zarauza. Enrique Otero presentou en Cineuropa un adianto do seu filme *Os Crebinsky. Relatos*, de Mario Iglesias, que foi seleccionada para competir no Festival de Tokio, un dos doce de clase A en todo o mundo. Carlos Amil agarda estrearse en breve *A casa da luz*, baseada nunha obra de Xabier P. Docampo. Luís Avilés rematou a montaxe da súa ópera prima, *Retornos*, e Vaca Films está a negociar a súa comercialización, mentres el anda a preparar a súa segunda película.



Cunha produción menos clásica "están *Arraianos*, de Eloi Enciso, feita cun grupo de teatro do Couto Mixto, e *Dous fragmentos/Eva*, de Ángel Santos, que vai quedar varios pisos por riba da media do cine galego", debulla o crítico Martin Pawley, que considera que soamente a estrea da película de Oliver Laxe xa dá para soste que 2010 será o mellor ano do audiovisual galego. "Agora pódese falar de cine galego, non antes", dixo Mario Iglesias, que acaba de chegar de Tokio.

E para que haxa calidade, normalmente ten que haber cantidade. "O audiovisual é un cultivo específico. Aínda que a árbore estea xa crecida, que un ano dea moitos ou bos froitos non implica que os vaia dar o seguinte", prevé Enma Lustres. E conseguir un bo produto non vale de nada se non se dá a coñecer. Pawley aposta, polo menos nese "mundo paralelo", por chegar aos públicos internacionais interesados nesas novas miradas: "As produtoras galegas non adoitan apostar polos valores de aquí e tráenos de fóra, aínda que sexa para facer castañas. E logo, o seu obxectivo é estrear na Gran Vía de Madrid. Pois agora o máis interesante cinematograficamente sucede na periferia."

Texto adaptado de *El País*

***Pradolongo*, primeiro filme galego que chega ao circuío portugués de cine comercial**

A película de Ignacio Vilar estrearase a vindeira semana en Braga, posteriormente percorrerá outras cidades lusas. A película poderá verse na versión orixinal, en lingua galega.

Por vez primeira unha película feita en Galicia e na nosa lingua chegará ao gran público portugués. As salas Cinemax de Braga (Centro Comercial Bragashopping) proxectarán dende o vindeiro sábado 17 o filme *Pradolongo*, do director Ignacio Vilar. Posteriormente, a película vaise poder ver en cines comerciais doutras cidades do país veciño, entre elas na propia Lisboa.

A estrea non deixa de ser un fito importante na historia do noso cine, xa que nunca unha película rodada en galego fora exhibida nos circuítos comerciais lusos. O propio Ignacio Vilar salienta o feito de que os espectadores van poder ver o filme no idioma propio de Galicia ou máis ben, como matiza con humor, en "galego de Valdeorras".


A estrea vén acompañada dun esforzo por parte dos directores e dos actores por achegarlle a obra ao gran público. Para iso, Ignacio Vilar, Rubén Riós, Tamara Canosa e Roberto Porto teñen previsto achegarse até o outro lado da Raia para promover o filme en actos organizados por institutos e asociacións das diferentes cidades. En Braga, os actos contarán co apoio da Universidade do Minho, do Centro de Estudos Galegos, do Bragashopping e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Texto adaptado de *Vieiros*

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portions of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.